



## Guía Docente

Datos Identificativos					2022/23
Asignatura (*)	Cambios sociodemográficos e territoriais			Código	615525023
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Segundo	Optativa	6	
Idioma	CastelánGalegoInglés				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación				
Coordinación	Diz Reboredo, Carlos	Correo electrónico	carlos.diz@udc.es		
Profesorado	Diz Reboredo, Carlos	Correo electrónico	carlos.diz@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Nesta materia, traballaremos teorías e metodoloxías para explorar as relacións interxeracionais no seu contexto histórico e ecolóxico. Analizaremos os cambios sociodemográficos e territoriais máis actuais, en relación coas transformacións dos afectos e dos modos de vida na sociedade contemporánea.				

## Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Identificar procesos históricos de cohesión e de exclusión asociados a distintos tipos de hábitats	AM21 AM22 AM23 AM24	BM1 BM2 BM3 BM14 BM19 BM20 BM21 BM22	CM3 CM5 CM7
Recoñecer a relación entre variables espaciais e territoriais e as necesidades da poboación segundo as súas características sociodemográficas	AM21 AM22 AM23 AM24	BM1 BM2 BM3 BM14 BM19 BM20 BM21 BM22	CM3 CM5 CM7
Analizar a vulnerabilidade ecolóxica de distintos colectivos	AM21 AM22 AM23 AM24	BM1 BM2 BM3 BM14 BM19 BM20 BM21 BM22	CM3 CM5 CM7

## Contidos



Temas	Subtemas
Estudo e caracterización do territorio	-
Indicadores de cohesión e de segregación territorial	-
A conformación histórica do hábitat	-
Urbanización, avellentamento e despoboación	-
Exclusión espacial e exclusión social	-
Representación social e construción cultural do hábitat	-

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Seminario	A21 A22 A23 A24 B1 B2 B3 B14 B19 B20 B21 B22 C3 C5 C7	12	24	36
Traballos tutelados	A21 A22 A23 A24 B1 B2 B3 B14 B19 B20 B21 B22 C3 C5 C7	24	84	108
Atención personalizada		6	0	6

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Seminario	As clases presenciais desenvolveranse a modo de seminario no que se discutirán lecturas e documentais asignados. A avaliación estará en función da asistencia e da exhaustividade dos materiais revisados polo alumno.
Traballos tutelados	En cada sesión presencial dedicarase unha hora á reflexión aplicada e actualizada dos materiais discutidos no seminario, co obxectivo de elaborar resultados e chegar a conclusións que se materializarán nun traballo final. Valorarase especialmente a formulación metodolóxica e o carácter divulgativo da redacción final.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Seminario	É previsible que cada alumno requira orientación personalizada para aclarar dúbidas ou ampliar a información necesaria para o seu traballo final. A atención personalizada desenvolverase tanto de forma presencial (directamente na aula e no despacho do profesor en horarios de tutoría) como non presencial (a través do correo electrónico e mediante a plataforma Teams).

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A21 A22 A23 A24 B1 B2 B3 B14 B19 B20 B21 B22 C3 C5 C7	En cada sesión presencial dedicarase unha hora á reflexión aplicada e actualizada dos materiais discutidos no seminario, co obxectivo de elaborar resultados e chegar a conclusións que se materializarán nun traballo final. Valorarase especialmente a formulación metodolóxica e o carácter divulgativo da redacción final.	60
Seminario	A21 A22 A23 A24 B1 B2 B3 B14 B19 B20 B21 B22 C3 C5 C7	As clases presenciais desenvolveranse a modo de seminario no que se discutirán lecturas e documentais asignados. A avaliación estará en función da asistencia e da exhaustividade dos materiais revisados polo alumno.	40

Observacións avaliación



Os seminarios consistirán na exposición de textos ou videos por parte da profesora, dos que o alumnado dispoñerá previamente, para ser debatidos en clase segundo unha serie de preguntas e de materiais que supoñerán ampliar a discusión. Prevese a realización de 6 sesións de seminario. Pola participación activa en cada un destes seminarios, o alumno poderá obter un punto na súa cualificación final, ata alcanzar un máximo de 4 puntos (o 40% da cualificación final).

Os traballos tutelados serán traballos de investigación breves realizados por un máximo de dous alumnos presenciais, aos que se lles pode sumar outro alumno a distancia. Requirirán horas de presencialidade para traballar en grupo e para a exposición continuada do que se avanza ao resto da clase. O resultado final prepararase a modo de poster ou cartel dixital. Por este traballo final obterase un máximo de 6 puntos (o 60% da cualificación final); ata dous puntos dos cales responderán ao criterio do esforzo e da participación demostrada na súa realización.

Ao alumnado matriculado en modalidade non-presencial aplicaráselle o mesmo sistema de avaliación, pero engadindo as seguintes condicións. A súa contribución aos seminarios terá que entregarse por escrito, a modo de ensaio breve e seguindo as instrucións que se lle darán para cada lectura. A súa participación no traballo tutelado asignado levará engadida a creación e mantemento dun foro de debate virtual sobre o tema, en Moodle ou outra plataforma similar.

O sistema de avaliación das convocatorias de xullo e sucesivas, serán acordadas de forma personalizada con polo menos 3 meses de antelación á pechadura de actas.

### Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Herrera, M<sup>a</sup> Soledad (2007). Individualización social y cambios demográficos. Madrid: CIS</li> <li>- Kreager, Philip y Schröder-betterfill, E. (Eds) (2005). Ageing without children. Berghen Books</li> <li>- Livi Bacci, Massimo (1988). Ensayo sobre la historia demográfica europea. Barcelona: Ariel</li> <li>- Moré, Paloma (2017). Migraciones y trabajo con personass mayores en las grandes ciudades. Madrid: CIS</li> <li>- Otero, Raimundo (2017). Sociología e historia de la ciudad desconcentrada. Madrid: CIS</li> <li>- Santamarina, Beatriz et al (Coords.) (2018). Antropología ambiental. Barcelona: Icaria</li> </ul> <p>Toda a bibliografía esencial e complementaria estará dispoñible na plataforma Moodle.</p>
----------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

### Bibliografía complementaria

### Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

**Observacións**



(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías